

O PSdeG de Vilalba denuncia a "incapacidade" do goberno municipal, que ten que devolverlles máis de 30.000 euros aos veciños por un erro no cobro de taxas

O concello cobroulle durante case un ano taxas a máis de 30 veciños para regular as súas vivendas fóra de ordenación sen ter aprobada a ordenanza fiscal, polo que agora debe devolver os cartos. Por esta irregularidade deixará de ingresar nas arcas municipais uns 50.000 euros, no que os socialistas califican como unha xestión "penosa"

O PSdeG-PSOE de Vilalba califica como "penosa" a xestión do goberno municipal de Gerardo Criado, que "unha vez máis, dá mostra da súa incapacidade ao ter que devolver a cantidade de 30.696,32 € a veciños propietarios de edificacións fóra de ordenación urbanística" por un erro de xestión, que provoca ademais que se deixen de ingresar nas arcas públicas uns 50.000 euros en taxas.

En xullo de 2011, na comisión de urbanismo, o concello aprobou a proposta de empezar a cobrar taxas aos veciños por "incursión en situación legal de fóra de ordenación total", é dicir, para legalizar as edificacións que estaban fóra de ordenación, pero a pesar disto o goberno municipal tardou case un ano en publicar a modificación da ordenanza fiscal correspondente (nº 8, artigo nº 7 epígrafe nº 3, o 12/06/2012). Durante ese ano, no que a ordenanza aínda non era oficial, cobroulles igualmente aos veciños as taxas que aínda non estaban en vigor. Un propietario recorreu a liquidación practicada por este motivo e déronlle a razón, polo que agora o concello deixa de ingresar nas arcas públicas uns 50.000 euros do total das taxas que foran reclamadas durante ese ano, e ten que devolverlles agora aos veciños 30.696,32 euros que xa foran ingresados nas contas do concello.

"O soldo do Alcalde xa podería estar amortizado de ser este dilixente á hora de xestionar os recursos públicos", din os socialistas, xa que a estes 30.000 súmanselle os 32.000 que houbo que pagar a URBASER polos xuros de demora. O PSdeG xa cuestionou no seu día o xeito de cobrar este tipo de taxas, xa que entendía que non se podía estar cobrando taxas ás persoas que solicitaban oportunamente as licenzas, e non cobrarllas ás que non o facían e por tanto construían sen permiso algún.

No concello de Vilalba son moitas as edificacións existentes que se poden calificar dentro de este epígrafe de fóra de ordenación, en concreto aquelas feitas no seu momento sen os planos correspondentes, sen as licenzas ou sen os permisos oportunos, antes do ano 2003 e sempre que non teñan ningún expediente de reposición de legalidade.

Declaracións: Luis Fernández Álvarez. Tfno: 649473180

Lugo, 19 de decembro de 2012